

PROXECTO EDUCATIVO DE

CENTRO DA ESCOLA INFANTIL

MUNICIPAL DE TORDOIA

CURSO 25/26



1. Análise do contexto	3
1.1. Historia do centro	
1.2. Titularidade, financiamento e tipo de xestión	
1.3. Entorno socioeconómico e cultural	
1.4. Espazos	
1.5. Calendario e horarios	
1.6. Unidades e prazas autorizadas	
1.7. Persoal do centro	
2. Sinais de identidade	7
2.1. Valores educativos	
2.2. Colaboración coas familias	
2.3. Tratamento lingüístico	
3. Obxectivos xerais do centro	12
4. Organización escolar	15
4.1. Participación e goberno do centro	
4.2. Organización do persoal do centro	
4.3. Reunións do equipo e por niveis	
4.4. Servizos que oferta	
5. Proposta pedagóxica.....	20
5.1. Obxectivos	
5.2. Áreas	
5.3. Contidos	
5.4. Principios pedagóxicos	
5.5. Atención á diversidade	
5.6. Período de adaptación	
5.7. Os espazos	
5.8. Os tempos	
5.9. Organización da xornada diaria	
5.10. Os materiais	
5.11. Avaliación	
ANEXOS	47

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. Historia do centro

A Escola Infantil Municipal de Tordoia (de agora en diante EIM Tordoia) xorde tras a ampliación do Punto de Atención á Infancia de Tordoia, o cal entrara en funcionamento no ano 2015. Tralo aumento de natalidade no concello en ante a demanda de prazas cada curso (na que varias crianzas quedaban ás portas en lista de agarda), decidiuse apostar por aumentar o centro cunha aula nova dando así paso a converter o PAI en Escola Infantil.

1.2. Titularidade, financiamento e tipo de xestión

A titularidade da EIM Tordoia pertence ao Concello de Tordoia, o cal a se encarga da xestión directa do centro.

A EIM Tordoia está acollida ao Plan de gratuidade de Escolas Infantís 0-3 anos dende o momento da súa implantación, en setembro de 2022.

1.3. Entorno socioeconómico e cultural

A escola atopase situada na capital do Concello de Tordoia, concretamente na parroquia de Cabaleiros, na que ademais se concentran a maioría dos servizos do concello (casa consistorial, centro de saúde, colexio, ximnasio, pavillón deportivo, piscina,...) Na actualizade estase procedendo a construción dunha residencia de maiores, a cal suporá que o concello teña unha ampla oferta de servizos de ámbito social.

Tordoia conta cunha poboación de arredor de 3000 habitantes e ten un perfil socioeconómico fortemente relacionado coa gandería e a agricultura, aínda que nos últimos anos tamén podemos destacar o seu auxe no sector da industria, dando lugar a formación dun pequeno polígono industrial no concello.

1.4. Espazos

A EIM de Tordoia dispón dun único edificio dunha planta que alberga tódalas dependencias sen que exista ningún desnivel no seu interior, cunha superficie útil de 211,20 m² e construída de 244,92 m².

O centro distribúese da seguinte maneira:

- Zona de recepción (50,36 m²)
 - Cortaventos (5,91 m²)
 - Recepción/vestíbulo (24,73 m²)
 - Aseo adaptado (8,00 m²)
 - Despacho de dirección (11,72 m²)
- Area infantil (155,30 m²)
 - Sala multiusos (30,40 m²)
 - Aula de 0-2 anos (32,08 m²)
 - Hixiene de 0-2 anos (3,50 m²)
 - Zona de descanso 0-2 anos (9,70 m²)
 - Cociña nova (5,00 m²)
 - Acceso a cociña nova (3,57 m²)
 - Aula de 1-3 anos (46,88 m²)
 - Aseo infantil 1-3 anos (10,94 m²)
 - Zona de hixiene 1-3 anos (4,41 m²)
 - Zona de almacén (11,55 m²)
 - Cociña antiga (6,97 m²)

En canto ao exterior do centro atopamos:

- Cuarto de instalacións (2,55 m²)
- Zona de lavandería (3,06 m²)
- Patio exterior cuberto (70,92 m²)

1.5. Calendario e horarios

A EIM de Tordoia ten un horario de 7.00 a 15.00 horas e permanece aberta dende o 1 de Setembro ao 14 de Agosto.

O centro estará pechado a última quincena do mes de agosto por descanso de persoal e tarefas de mantemento, así como os días festivos de ámbito nacional, autonómico e local. Os días 24 e 31 de Decembro a escola tamén estará pechado por ser días non laborais na Administración Pública.

1.6. Unidades e prazas autorizadas

A EIM de Tordoia conta con dúas unidades e 30 prazas autorizadas. Aínda así, como estas unidades serán un grupo mixto, a normativa vixente obriga a reducir os ratios de alumnado, polo que o número final de prazas coas que contará a escola será de 25, as cales se repartiran do seguinte xeito:

- Aula 0 – 2 anos: 10 prazas
- Aula 1 – 3 anos: 15 prazas

A escola reservará sempre unha praza de Emerxencia Social para posibles solicitudes que puidesen aparecer ao longo do curso que cumpran as características necesarias para acceder a este tipo de prazas.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo terá dereito a ocupar dúas prazas.

1.7. Persoal do centro

O equipo educativo do centro está formado por :

- Directora: Diplomada en Maxisterio Infantil
- 2 persoas de atención directa: Técnicas superiores en Educación Infantil
- 1 persoa de apoio: Diplomada en Puericultura

O número de unidades cas que conta a escola esixe unha educadora por unidade (é dicir dúas) , unha educadora a maiores e unha persoa de apoio. No caso da EIM Tordoia a directora tamén levará a cabo tarefas de educadora, cumprindo así o número de efectivos necesario para o correcto funcionamento do centro.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1. Valores educativos

A liña de actuación coa que se traballará na EIM de Tordoia estará encamiñada a buscar que as crianzas gañen seguridade en si mesmas ó mesmo tempo que se sintan respectados polos seus iguais, para así poder desenvolverse con naturalidade en todos os contextos da súa vida.

Os valores que se traballarán serán os seguintes:

- **Solidariedade:** entendida como compartir e entender os sentimentos dos demais en distintas situacións
- **Respecto:** á individualidade da persoa, ás opinións dos demais, aos materiais e ao entorno
- **Convivencia:** entendida como axuda, colaboración e respecto, evitando actos violentos, renegando dende o centro de aqueles obxectos e materiais que fomenten e inciten a actuacións de violencia, pelexas e agresións.
- **Tolerancia:** entendendo que todos/as temos os mesmos dereitos e liberdades
- **Crítica:** entendida como a capacidade para criticar as actuacións incorrectas, sen ánimo de ofender e feitas de maneira construtiva

Todos estes valores serán traballados no centro a través de diferentes temas transversais:

- Educación para a igualdade de ambos sexos
- Educación ambiental
- Educación para o consumidor
- Educación para a saúde
- Educación moral e para a paz

2.2. Colaboración coas familias

Para que o centro e a familia poidan actuar de unha maneira axeitada, deben recibir información un do outro, para coñecer e responder ás necesidades e intereses persoais de cada neno/a. A colaboración entre ambos deberá ser fluída e continua para unificar criterios e pautas de actuación. É importante tamén que a participación das familias estea planificada e organizada para non entorpecer e interromper a labor educativa.

A información debe fluír de maneira bidireccional; a escola será informado pola familia sobre aspectos ligados ao coidado do/a neno/a (alimentación, hábitos de sono, estados de ánimo....) e especialmente das circunstancias familiares do neno/a que poidan contribuír a mellorar a súa intervención; e por outro lado, a familia recibirá información dos logros acadados polo neno/a, do tipo de educación que se lle da os seus/súas fillos/as e as razóns que fundamentan esta decisión, así como información diaria relacionada co transcorrer da xornada do/a menor (alimentación, horas de sono e deposicións, actividades realizadas...).

As canles de comunicación van a dividirse en individuais e colectivas, e dentro destas vamos a diferenciar varios tipos.

No plano individual

- **Entrevista inicial:** Ten un dobre sentido, o coñecemento do neno/a e do seu entorno familiar por parte do persoal docente e o coñecemento da familia do centro.
Terá lugar antes do inicio do curso e nesta entrevista as familias contestará un cuestionario para recadar información sobre o neno/a (alimentación, sono, particularidades da familia, hábitos, aspectos relacionados coa saúde do neno, costumes familiares...).
- **Titorías:** O seu principal obxectivo será avaliar e valorar o proceso de aprendizaxe do/a neno/a na escola, comentando e avaliando as novas adquisicións, as dificultades e os progresos.

Nos meses de febreiro/xuño (mediados de curso) realizarase unha titoría obrigatoria con cada familia. Ademais tanto as familias como o persoal do centro poderán solicitar titoría en calquera momento do curso que o consideren necesario. As titorías solicitaranse como mínimo con tres días de antelación e axustaranse ao horario marcado de atención ás familias.

- **Contacto diario:**

- **Entradas e saídas:** Aproveitarase os momentos de entrada e saída dos nenos/as para intercambiar información informal entre a familia e o persoal da escola. Á entrada as familias poden comentar sobre o estado do neno/a, como durmiu ben ou mal, se xa almorzou.....Na saída o persoal do centro comentará coas familias anécdotas e aspectos da xornada escolar do neno/a.
- **Axenda dixital:** O centro empregará axenda dixital que as familias recibirán diariamente e na que se anotara a información de cada neno/a: número e características das deposicións feitas, número e duración das sestras que fixo o neno/a, como foi a comida (se comeu moito, pouco ou nada), avisarase cando haxa que repoñer algún produto hixiénico ou muda, informarse das actividades feitas durante a xornada...

No plano colectivo

- **Reunión inicial:** Celebrarase antes do comezo do curso e terá como obxectivo establecer un primeiro contacto coas familias e informarlles colectivamente sobre aspectos importantes da escola: funcionamento e traballo pedagóxico, organización temporal, período de adaptación, as normas de convivencia relativas á alimentación, hixiene, vestido, material de hixiene que hai que traer, horario de merenda..... Todo esta información entregaráse a cada familia por escrito para que poidan consultala cando o necesiten.

- **Reunións durante o transcórreo do curso:** Levaranse a cabo en calquera momento do curso que sexa preciso realizar algún tipo de aclaración sobre aspectos relacionados coa organización e traballo do centro que poida ser de interese para as familias.
- **Taboleiro de anuncios:** Na entrada do centro dispoñeráse un taboleiro para colgar información de interese para as familias, como: horarios, normas de convivencia, normas de hixiene, horarios de merendas, calendario escolar...
- **Notas colectivas nas mochilas dos nenos ou mediante a axenda dixital:** Serán notas con información xeral , anuncios de actividades, material especial para traer...

Outro aspecto que se fomentará será a colaboración das familias en diferentes momentos do curso escolar, que beneficiarán a relación familia-escola xa que suporá achegar as familias ao traballo realizado no centro, facéndoos participes do proceso de ensinanza aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as. Esta colaboración terá lugar en diferentes momentos entre os cales os máis habituais serán os seguintes:

- **Período de adaptación:** Un momento fundamental do curso, no que as familias cumpriran un papel moi importante e poderán axudar a facilitar este proceso.
- **Actividades puntuais na aula:** Pode solicitarse a colaboración dos pais e nais na aula para que aporten algunha vivencia, explicar a súa profesión, relatar un conto, ...
- **Festas:** Na escola celebraranse varias festas durante o curso (Nadal e Fin de curso como mínimo), nas que as familias poderán acudir ao centro dentro do horario marcado para compartir coas súas crianzas e co resto de familias.

- **Saídas:** Cando se realicen saídas ao exterior, solicitaranse colaboración voluntaria das familias nos termos en que se acorde.
- **Achega de recursos materiais:** Para experimentar na aula e dependendo das actividades que se desenvolvan, necesitaranse materiais perecedoiros (follas no outono, froitas de inverno, flores na primavera.....), materiais da vida cotiá (botellas de plástico, rolos de papel hixiénico, tapóns.....) que solicitaremos ás familias, o mesmo que a súa colaboración, sempre na medida das súas posibilidades.

2.3. Tratamento lingüístico

En canto ao tratamento lingüístico, no centro empregárase maioritariamente o galego xa que é a lingua materna da meirande parte das crianzas. Aínda así coidarase que os nenos/as adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do ciclo de 0 a 3 anos, polo que se disporá de material e se realizarán actividades en ambas linguas cooficiais.

Por outra banda, tamén se fará unha introdución a unha terceira lingua, que neste caso será o inglés, levando a cabo actividades mediante as que se introducirán conceptos básicos.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

A Escola Infantil Municipal de Tordoia sendo consecuente coa análise do entorno sociocultural no que se atopa o centro e cos trazos de identidade anteriormente sinalados, propónse acadar os seguintes obxectivos que vamos a dividir en xerais e específicos.

Obxectivos xerais

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nenos e nenas
- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, expectativas e necesidades dos nenos e nenas e das súas familias
- Responder as necesidades das familias na educación e crianza dos seus fillos e fillas coa EIM como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal
- Procurar a corresponsabilidade entre a EIM e as familias na educación e atención dos nenos e nenas, establecendo lugares de encontro entre os dous ámbitos responsables da educación dos nenos e das nenas
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, ...
- Fomentar nos nenos e nenas, e nas súas familias, hábitos de vida saudables
- Fomentar a igualdade afectiva entre os nenos e nenas promovendo actividades e comportamento que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno e nena

- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades socieducativas especiais (acomodando as estratexias de ensino ás necesidades dos nenos e nenas, poñendo especial interese nestes nenos, en función do que, razoablemente, permitan os recursos)
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na cultura do seu medio

Obxectivos específicos en relación co proceso de ensinanza – aprendizaxe

- Priorizar o desenvolvemento harmónico das dimensións física, intelectual, afectiva, ética e social do alumnado
- Encauzar toda actividade académica do centro de modo que se desenvolva nun clima de convivencia democrática baseada na participación, o pluralismo, a tolerancia, o respecto e a aceptación mutua tal e como quedou definido nos nosos sinais de identidade
- Favorecer un clima que estimule as realizacións positivas despertando no alumno a confianza e a automotivación
- Respetar o dereito que teñen os nenos/as a recibir o ensino na súa lingua materna, tomando medidas para promover o segundo idioma
- Ensinar a utilizar os coñecementos adquiridos sobre o medio físico e social para resolver problemas na súa experiencia diaria
- Seleccionar as técnicas máis axeitadas para favorecer a motivación e actividade eficaz dos alumnos/as
- Organizar o grupo - aula de xeito que se favoreza a aprendizaxe de todos/as
- Buscar e empregar as técnicas de traballo intelectual máis axeitadas para os alumnos/as con necesidades educativas especiais
- Facer da avaliación unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral e de cada alumno/a en particular
- Conseguir que o alumno/a se sinta comprendido e atendido como persoa e como realidade educativa concreta
- Propiciar unha comunicación-información entre a familia e os docentes baseada no diálogo, respecto, aceptación e estima mutuos

- Potenciar as familias como medios de canalizar as inquietudes, problemas e espírito de colaboración na dinámica do centro

Obxectivos específicos en relación coa organización do centro e do profesorado

- Regular os canles de xestión, funcionamento e participación do centro
- Distribuír funcións e competencias contribuindo a participación de todo o persoal do centro
- Xestionar de maneira axeitada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos do centro
- Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións tanto educativas como sociais, culturais, ...
- Conseguir que todo o persoal docente se sinta útil e satisfeito no desenvolvemento do seu traballo profesional
- Estimular ás docentes para que participen activamente na marcha e funcionamento do centro integrándose nos diversos órganos de xestión establecidos para iso
- Favorecer ao profesorado con medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade
- Potenciar o traballo en equipo das profesoras a través dos departamentos e os distintos niveis de ciclo
- Posibilitar a acción investigadora do profesorado coa finalidade de mellorar ou modificar a práctica educativa
- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente

4. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

4.1. Participación e goberno do centro

A EIM de Tordoia conta cos seguintes órganos de goberno:

A directora

A dirección da escola recaera nunha persoa que contará como mínimo con algunha das seguintes titulacións: Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente ou Licenciado en Pedagogía ou Psicopedagogía.

A directora é un órgano unipersoal, responsable do centro e as súas funcións consisten en:

- Representar a EIM de Tordoia
- Dinamizar, coordinar e garantir a elaboración dos documentos da escola: o proxecto educativo e a súa proposta pedagóxica, a programación xeral anual e a memoria anual
- Organizar e supervisar o traballo do persoal da escola, garantindo que as horas de atención aos nenos e nenas e as destinadas a planificación educativa (xuntanzas, encontros, titorías, programacións...) se leven a cabo
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento da escola
- Convocar e presidir reunión do persoal, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nestas
- Prestar atención personalizada ós usuarios/as, tanto a través do desempeño da función educativa como directiva
- Canalizar e coordinar as relacións coas familias estimulando e garantindo a súa participación na vida da escola
- Exercer a garda dos/das menores usuarios/as da escola acorde co previsto na lexislación vixente
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas

- Comunicar ao Concello de Tordoia as incidencias relativas ás necesidades de mantemento da escola, baixas de persoal, necesidades materiais e calquera outra circunstancia que afecte ó ordinario funcionamento do centro
- Desenvolver o traballo administrativo que leve o exercicio das súas funcións
- Cumprir e facer cumprir o marco legislativo vixente para a infancia, e de xeito específico de ámbito educativo, así como o regulamento de réxime interno da escola
- Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal
- Favorecer a convivencia no centro
- Buscar o óptimo aproveitamento dos recursos e dos espazos

A Comisión de valoración, coordinación e control

Este órgano de goberno está composto polos seguintes membros:

- **Presidente:** Alcalde do Concello de Tordoia ou persoa en quen este delegue
- **Vogal:** Directora da EIM de Tordoia
- **Secretaria:** Traballadora Social dos Servizos Sociais comunitarios

As funcións das Comisión de valoración, coordinación e control consisten en:

- Supervisar o funcionamento da escola de acordo co estipulado no regulamento e na normativa aplicable.
- Resolver posibles conflitos que poidan xurdir no ámbito educativo ou de xestión do centro
- Aplicar os criterios de admisión de alumnado de acordo coa normativa establecida, e interpretar e resolver aqueles casos conflictivos ou dubidosos

4.2. Organización do persoal do centro

A EIM de Tordoia contará con unha educadora por unidade, outra educadora a maiores e unha persoa de apoio. Como xa se mencionou anteriormente, a directora do centro tamén levará a cabo tarefas de educadora.

Persoal educador

O persoal educador debera estar como mínimo en posesión dalgunha das titulacións seguintes: Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía, Mestre/a especialista en Educación infantil ou equivalente ou Técnico/a superior en Educación infantil ou equivalente.

As funcións do persoal educador serán as seguintes:

- Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do proxecto educativo, da programación xeral anual e da memoria anual
- Fixar os criterios para o seguimento e a avaliación destes documentos
- Realizar funcións educativas incluídas na lexislación vixente para o ciclo educativo no referente ao desenvolvemento das crianzas, á preparación e ao deseño de propostas pedagóxicas, colaboración e coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das crianzas, organización dos espazos e materiais pedagóxicos,...
- Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade
- Prestar especial atención ao período de adaptación
- Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a Dirección desta
- Manter e fomentar as canles de comunicación e información continua familia-escola, en relación aos diversos ámbitos de vivencia das crianzas, así como aos referidos ao seu desenvolvemento
- Informarán con carácter anual aos/ás representantes legais das crianzas sobre a evolución integral do/a neno/a

- Facilitar a participación, colaboración e coordinación das familias nas actividades da escola
- Participar nas actividades de formación permanente

Persoal de apoio

O persoal de apoio, ademais das titulacións esixidas para o persoal de atención, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Técnico/a en atención sociosanitaria, Técnico/a superior en Animación sociocultural, Técnico/a en coidados auxiliares de enfermería ou Diplomado/a en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade.

As funcións do persoal de apoio serán as seguintes:

- Colaborar coas actividades desenvolvidas pola dirección e persoal educativo do centro
- Axudar nas tarefas diarias, como a alimentación, hixiene e descanso, asegurándose de que cada neno/a reciba os coidados necesarios
- Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a Dirección desta
- Participar nas actividades de formación permanente

4.3. Reunións do equipo e por niveis

Na escola levaranse a cabo diferentes reunións de equipo durante o transcurso do curso escolar.

- **Ao principio de curso**, para organizar o comezo do período de adaptación, establecer obxectivos comúns, organizar tarefas e coordinar a comunicación coas familias
- **Ao final de curso**, para avaliar o progreso académico das crianzas, discutir o rendemento xeral das mesmas e planificar estratexias para o futuro

- **Unha vez ao mes**, que preferiblemente será antes do inicio de cada nova unidade á traballar, na que se comentarán as actividades a traballar en cada unidade, e se propoñerán outras á realizar en conxunto para conmemorar celebracións importantes (Día da Paz, Entroido,...)
- **Outros momentos que o requiran**, para tratar calquera circunstancia que poida xurdir ao longo do curso e que necesite ser valorada e debatida entre o equipo docente

4.4. Servizos que oferta

A EIM de Tordoia oferta o servizo de cociña que consiste só no proceso de quentar e servir os alimentos que as familias aportan ao centro.

Existe tamén a posibilidade de contratar o servizo de catering (ofrecido pola empresa Culinaria).

5. PROPOSTA PEDAGÓXICA

5.1. Obxectivos

Tal e como se establece no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, o traballo diario coas crianzas terá como fin acadar os seguintes obxectivos xerais:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse no uso da empatía e na resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión
- Iniciar nas habilidades lóxico – matemáticas, na lectura e na escritura, e no movemento, xesto e ritmo
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galega

5.2. Áreas

As áreas de educación que se traballarán serán as establecidas no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. A continuación detállanse cada unha das áreas xunto cos obxectivos específicos a acadar en cada área.

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

Esta área pretende promover nas crianzas as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas. Os obxectivos específicos desta área son os seguintes:

- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias do entorno
- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose nos coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas do entorno e construír novos aprendizaxes
- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa empregando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada un deles e explorando as súas posibilidades expresivas para responder ás diferentes necesidades comunicativas
- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, amosando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características
- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente no seu entorno, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e o seu bagaxe cultural

ÁREA DE CRECIMENTO EN HARMONÍA

Esta área pretende centrarse nas dimensións persoais e sociais das crianzas, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de xeito progresivo, conxunto e harmónico, aínda que só adquiren sentido dende a complementariedade coas outras dúas áreas, xa que se produce nun entorno físico e natural determinado e precisa o emprego de diversos linguaxes e representacións da realidade. Os obxectivos específicos desta área son os seguintes:

- Progresar no coñecemento e o control do corpo e na adquisición de diversas estratexias, adecuando as súas accións á realidade do entorno dunha maneira segura para construír unha auto - imaxe axustada e positiva
- Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectivas
- Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsables
- Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, o respecto, a diversidade e a empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto ós dereitos humanos

ÁREA DE DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DO ENTORNO

Esta área pretende favorecer o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais do entorno, de xeito que as crianzas mediante un elemento provocador de emocións e sorpresas, xunto co seu progresivo coñecemento, adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidar e protexer o seu entorno.

Os obxectivos específicos desta área son os seguintes:

- Identificar as características dos materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvemento das destrezas lóxico - matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo
- Desenvolver, de xeito progresivo, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través dos procesos de observación e manipulacións de obxectos, para iniciarse na interpretación do entorno e responder de xeito creativo ás situacións e os retos que se presenten
- Recoñecer elemento e fenómenos da natureza mostrando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación do entorno na vida das persoas
- Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social dende o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo que os/as rodea

5.3. Contidos

Para acadar os obxectivos marcados para as áreas de intervención (coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno, linguaxe e representación e adquisición de hábitos e satisfacción de necesidades) os contidos distribúense en unidades didácticas ordenadas e secuenciadas ao longo de curso, que terán unha duración mensual.

MESES	UNIDADES DIDÁCTICAS
Setembro	A escola
Outubro	O outono
Novembro	O corpo e as emocións
Xaneiro	O Nadal
Febreiro	O inverno
Marzo	Os animais
Abril	A primavera
Maio	A familia
Xuño	O verán

Os meses de xullo e agosto non se programan con ningunha Unidade didáctica e dedicaranse a repasar conceptos traballados durante o curso escolar, xa que son meses nos que as crianzas aproveitan para disfrutar das vacacións e tamén porque durante a segunda metade do mes de agosto a escola permanecerá pechada.

5.4. Principios pedagógicos

A EIM de Tordoia non se decanta por método único de traballo coa crianzas, posto que se debe atender ás características psicopedagógicas de cada unha delas. Polo tanto seguiranse diversos principios e orientacións didácticas que permitiran que os/as nenos/as acaden de forma axeitada os obxectivos que previamente se mencionaron.

A escola traballará cunha metodoloxía:

- **Activa e participativa:** fomentando o papel activo das crianzas, converténdooas nas principais protagonistas do proceso de ensino – aprendizaxe
- **Lúdica:** empregando o xogo como principal instrumento de traballo
- **Flexible:** a flexibilidade en todos os compoñentes do proceso educativo como: espazos, tempos, actividades, agrupamentos... axudaranos a adaptarnos aos gustos, ritmos, necesidades, rendementos, ... dos/as cativos/as
- **Motivadora:** grazas á motivación espertanse necesidades e intereses dando lugar a que a actividade xurda do/a propio/a neno/a e conseguindo así aprendizaxes máis formativas e significativas
- **Globalizadora:** toda tarefa educativa partirá dunha organización globalizada na que se abarquen todas as áreas
- **Significativa:** aprender significativamente supón a posibilidade de atribuírle sentido e significado ao que se vai aprendendo a partires do que xa se coñece. O achegamento á realidade por parte do/a neno/a será máis rico cantas máis conexións poidan establecerse entre o novo e o xa coñecido e experimentado
- **Individualizada e personalizada:** cada neno/a é diferente, posúe unha bagaxe particular, polo tanto, terán que terse en conta as necesidades e intereses de orde cognitivo, afectivo social e psicomotriz de cada crianza

- **Socializadora:** os procesos afectivos e de relación serán o fío condutor de todas as actividades. Por tal motivo, as interaccións que se establezan entre o neno/a, a docente e os outros nenos/as, constituirán un obxectivo e un recurso metodolóxico de primeira orde
- **Creativa:** intentarase desenvolver nas crianzas a capacidade para enxendrar algo persoal e distintivo
- **Intuitiva:** promoverase a captación dos obxectos de coñecemento de forma sensible e concreta, para así favorecer a recreación de imaxes mentais nos nenos/as. Dependendo da situación e da necesidade, este principio poderá ser aplicado de forma directa ou indirecta: directa (o alumno fai algo por si mesmo ou ben observa como outros o fan; indirecta (apréciase o elemento de traballo a través de fotografías, láminas, carteis, mapas ou tamén de exemplos, comparacións, descricións,...))
- **Fomentadora da autonomía:** no desenvolvemento didáctico, o fomento da autonomía ocupa un papel primordial. O/A neno/a nestas etapas da súa vida, nas que o grado de dependencia respecto ao adulto é aínda moi elevado, ao ir acadando maiores cotas de autonomía reforzará os mecanismos de autoestima e autoafirmación polo que o resultado implica maior seguridade e capacidade para obrar por si mesmo

5.5. Atención á diversidade

A EIM de Tordoia contará con dúas uniades, cada unha delas cun conxunto grupo – aula moi diverso, con alumnado que presentará diferentes capacidades, desenvolvementos madurativos, cos/as seus/súas respectivos/as ambientes socio – culturais. Así pois a diversidade é un integrante natural do grupo – aula polo que serán diferentes as respostas de aprendizaxe para unha mesma ensinanza.

A escola intentará dar respostas axeitadas á toda diversidade propoñendo os recursos necesarios para que o alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poidan alcanzar dentro do mesmo sistema os obxectivos establecidos con carácter xeral.

A intervención caracterizarase por ser:

- **Preventiva:** evitando que se produzan dificultades de aprendizaxe de maneira temperá, e de forma especial naqueles casos que presentan risco persoal, familiar ou social
- **Compensadora:** intentando paliar aqueles trastornos xa presentes, mediante unha atención adecuada a fin de evitar que se intensifiquen.

O centro tamén manterá contacto co Servizo de Atención Temperá da Mancomunidade de Ordes, para que no caso de ter usuarios en común poder traballar conxuntamente.

5.6. Período de adaptación

O período de adaptación é un tempo no que o alumnado, as familias e o persoal do escola teñen que habituarse un aos outros polo que se intentará garantir un equilibrio entre todos/as. Para que este equilibrio sexa posible, planificarase unha entrada graduada e unha flexibilización do calendario e horario para aquelas crianzas que comece por primeira vez no centro.

Entre os aspectos que caracterizarán o período de adaptación na EIM de Tordoia destacan os seguintes:

- O período de permanencia na escola será curto nos primeiros días, incrementando a súa permanencia de forma progresiva ata a xornada completa
- Para o deseño dos horarios do período de adaptación dividirase o alumnado en varios grupos, os cales serán os máis homoxéneos posibles en canto a idades
- O coidado será individualizado para cada neno/a xa que cada un/unha é único/a no seu grupo e polo tanto será atendido de forma diferente
- As crianzas serán atendidas dunha maneira afectiva e cálida para facerlles sentir que son especiais
- Evitarase que o/a neno/a estea exposto/a a un exceso de inquietude prolongada e axudaráselle a superar os seus desgustos
- Promoverase que as familias coñezan a todo o persoal, as instalación do centro e que poidan comunicar as súas inquietudes sobre os/as seus/súas fillos/as
- A incorporación dos/as nenos/as realizarase en pequenos grupos e de forma graduada no tempo, de tal maneira que ó finalizar o proceso de adaptación estean todos/as incorporados/as no horario completo que vaian seguir durante o curso, aínda que todo dependerá de cada neno/a

Por outra banda as actuacións e actividades levadas a cabo durante este período iran encamiñadas a que os/as cativos/as:

- Acepten da mellor forma posible a separación familiar
- Coñezan as persoas que van a estar con eles/elas no centro e establezan relacións comunicativas e nexos afectivos co persoal do centro

- Se sitúen e orienten no espazo e identifiquen as dependencias do centro
- Coñezan e utilicen distintos obxectos que haxa no centro e participen nos xogos e actividades
- Expresen libremente as súas propias vivencias
- Adquiran unha progresiva autonomía nas actividades que realicen no centro

O período de adaptación organizarase da seguinte forma:

1º e 2º DÍA (30 minutos permanencia)

O primeiro e segundo día non se respectarán os horarios de actividades diaria. Non se darán comidas. Os grupos non coinciden, e ademais deixase un marxe de 30 minutos entre as entradas e as saídas dos distintos grupos para xestionar estes momentos críticos.

3º e 4º DÍA (1 hora de permanencia)

Estes días tampouco se respectarán os horarios de actividades diarias, nin se darán comidas. Os grupos non coinciden, cando entren os nenos/as de un grupo os do grupo anterior xa teñen que estar preparados para saír.

5º e 6º DÍA (1 hora e 30 minutos)

Non se respectan os horarios marcados de actividades diarias. Este día xa coinciden os grupos durante parte da franxa horaria

7º e 8º DÍA (2 horas)

Empézanse a respectar, dentro do posible, os horarios das actividades diarias. Non se darán comidas (solo biberón aos nenos/as mais pequenos), pero os grupos coincidirán e merendarán todos xuntos.

9º e 10º DÍA (3 horas)

Entran e saen os grupos todos xuntos e cúmprese o horario estipulado (9.30 a 12.30 horas). Neste día se hai nenos/as que só vaian acudir ó centro tres horas habitualmente, xa poden realizar o seu horario habitual.

Á partir do 11º DÍA (horario completo de cada neno/a)

Cada neno/a xa fará o seu horario completo. Aquelas crianzas que vaian comer no centro xa traerán a súas nenos que traian comida para comer no centro daráselle. Seguirase o horario de actividades diarias.

5.7. Os espazos

A distribución e organización dos espazos realizarase de maneira que cubra as necesidades das crianzas en todos os aspectos: xogo, alimentación, hixiene, descanso, actividade, movemento, gateo...

A organización espacial ten que facerse de maneira que o/a neno/a poida actuar e desenvolverse coñecendo onde está cada cousa, existindo espazos aos que poida acudir libremente e tendo coñecemento do que se pode facer neles.

Podemos diferenciar varias zonas ou recunchos para os nenos/as:

- Zona para o descanso
- Zona preparación de comidas
- Zona de cambios
- Zona de actividades:
 - Recuncho de gateo e primeiros pasos
 - Recuncho de xogo simbólico
 - Recuncho para o movemento e o desprazamento
 - Recuncho de manipulación e exploración
 - Recuncho de material lóxico e estruturado

5.8. Os tempos

A organización da actividade diaria e cotiá basearase na organización de rutinas, xa que as idades das crianzas así o requiren. O coñecemento de esta organización permítelle o/a neno/a anticiparse e saber como actuar en cada situación, producindo este feito confianza e seguridade en si mesmo e nos demais. Estes ritmos están marcados polos momentos nos que se cubran as súas necesidades básicas.

Para a organización do tempo teranse en conta os seguintes aspectos:

- Relación entre períodos de vixía e sono
- Horarios de alimentación e intervalos entre eles
- Número de nenos/as que se atopen no centro
- Tempo que os/as nenos/as permanezan no centro
- A idade dos nenos/as, os ritmos biolóxicos e as características individuais de cada grupo
- Características do espazo do que se dispón
- Características do material do que se dispoña
- Alternancia entre xogo e actividades non lúdicas
- Período de actividade libre e período de actividade que esixe concentración e atención
- Sucesión de actividades individuais e colectivas
- Número de persoal que se atope no centro

5.9. Organización da xornada diaria

A distribución horaria no día a día será sempre flexible, xa que nestas idades non podemos marcar un horario demasiado estrito nin rexernos por un horario fixo e completo xa que este vén dado polos propios/as nenos/as.

Nas actividades diarias intentarase seguir, sempre tendo en conta a individualidade de cada neno/a a seguinte programación:

- **Entre as 7.00 e as 10.00** horas terá lugar a benvinda dos/as nenos/as na aula de usos múltiples que paulatinamente vaian chegando. Ata as 09.00 horas, será a hora dos almorzos e aqueles que o necesiten farán sesta. Tras almorzar, as crianzas que non necesiten descansar farán xogo libre.
- **Entre as 10:00 e as 10:30** horas faranse cambios de cueiro e rutinas de hixiene pertinentes, para proceder á hora da merenda.
- **Entre as 10.30 horas e as 11.00 horas** será o momento das merendas, para cal teremos un calendario que será de obrigatorio cumprimento. Todas as crianzas merendarán na aula de usos múltiples.
- **Entre as 11.00 e as 12.00 horas** cada neno/a irá a aula a cal pertenza e alí terá lugar a asemblea (con rutinas de calendario e asistencia) e as actividades dirixidas nas que se traballaran os contidos programados.
- **Entre as 12.00 e as 12.30 horas** faranse os cambios de cueiro e hixiene pertinentes, para proceder á hora do xantar.
- **Entre as 12.30 e as 13.30 horas** será a hora de xantar, na que ambas unidades se volverán a reunir na aula de usos múltiples para comer todos/as xuntos/as. Tralo remate das comidas faranse as rutinas de cambios e hixiene.
- **Entre as 13:30 e as 15.00 horas**, as crianzas poderán durmir sesta ou xogar libremente ata a hora que os/as veñan a recoller ou hora de peche.

A continuación amosase un táboa cos distribución da xornada da escola.

TABOIA RESUMO XORNADA NA EIM DE TORDOIA					
HORAS	DISTRIBUCIÓN DE ACTIVIDADES				
7.00 – 10.00 H	Recepción das crianzas <ul style="list-style-type: none"> • Almorzos • Tempo de descanso • Xogo libre 				
10.00 – 10.30 H	Rutinas de aseo e hixiene				
10.30 – 11.00 H	Merendas				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	Galletas	Lácteos	Bocadillo	Froita	Venres
11.00 – 12.00 H	Actividades dirixidas <ul style="list-style-type: none"> • Asemblea e rutinas • Actividades programadas • Xogo 				
12.00 – 12.30 H	Rutinas de aseo e hixiene				
12.30 – 13.30 H	Comidas				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	Pasta	Ovo	Peixe	Arroz	Libre
	+	+	+	+	+
	Lácteo	Froita	Froita	Lácteo	Froita
	<ul style="list-style-type: none"> • Rutinas de aseo despois da comida 				
13.30 – 15.00 H	Remate da xornada <ul style="list-style-type: none"> • Sestas • Xogo libre • Despedida 				

Ademais das rutinas e actividades programadas na escola tamén haberá ocasión para celebrar días especiais. É por iso, que cada curso se celebrarán xornadas de portas abertas para que as familias das crianzas poidan compartir momentos xuntos no centro. Entre estas xornadas destacan as seguintes:

- Festa de Nadal, para celebrar esta festividade ó mesmo tempo que se reforza a relación escola – familia mentres se comparte unha xornada de leducia
- Festa de Fin de curso, pensada para despedir a aqueles/as nenos/as que rematan a súa etapa na escola pero tamén para facer un repaso de todos/as os/as cativos/as que formaron parte do centro nese curso en particular

5.10. Os materiais

No centro empregaranse materiais hixiénicos e doados de limpar, que cumpran a normativa vixente en materia de seguridade (non terán puntas ou bordes cortantes, fabricados con materiais non tóxicos nin inflamables,...).

Os materiais serán sinxelos e pouco estruturados co obxectivo de favorecer a acción e a imaxinación das crianzas. Tamén se intentará que sexan materiais abertos que dispoñan do maior número posible de usos para o seu emprego.

O centro contará con material destino a traballar o desenvolvemento motor e sensorial, materiais que desenvolvan pensamento lóxico, materiais que fomenten a representación e a simulación, materiais para o desenvolvemento da expresión oral e materiais para a expresión plástica e musical.

O almacenamento do material farase sempre que sexa posible no mesmo sitio para que tantos os/as cativos/as como o persoal do centro poida localizalo con facilidade.

5.11. Avaliación

A avaliación é o primeiro instrumento dos educadores para tomar as decisións oportunas e introducir os axustes necesarios co fin de mellorar a acción educativa. Por medio da avaliación o persoal do centro recollerá información e valorará o propio proceso para modificalo e melloralo na seguinte planificación.

As características de avaliación que se seguiran na escola serán:

- A avaliación será **global**, referida ao conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais. Estes obxectivos adecuados ao contexto sociocultural do centro e as características propias do alumnado, serán o referente permanente da avaliación.
- A avaliación terá así mesmo, un carácter **continuo**, considerándose un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o educador recolle permanentemente información sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe.
- A avaliación, terá, en consecuencia, un carácter **formativo, regulador, orientador e autocorrector** do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.
- Será cooperativa, posto que afectará non só as docentes que a apliquen, senón tamén os seus verdadeiros usuarios, os/as nenos/as.

A avaliación de todo o proceso educativo no centro realizarase tanto dende a propia práctica educativa como do desenvolvemento das capacidades dos/as nenos/as de acordo cós obxectivos marcados, a través de unha avaliación que contribúa a mellorar a actividade educativa.

Para avaliar como se desenvolven as capacidades do/a neno/a ao longo do curso, o equipo educativo de centro terá en conta uns indicadores de especial relevancia para este ciclo, que servirán como guía para recoller información.

Como consecuencia das prioridades marcadas na secuencia de obxectivos e contidos do proxecto educativo, fixaranse uns criterios xerais para a avaliación de cada área.

Para valorar se os obxectivos das diferentes áreas foron acadados teranse en conta terase en conta os criterios de avaliación que se indican no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e avaliarase tendo en conta a seguinte escala:

- **Acadado:** se cumpre máis de tres indicadores específicos dos cinco reflectidos para cada obxectivo
- **En progreso:** se cumpre tres indicadores específicos dos cinco reflectidos para cada obxectivo
- **Non acadado:** se cumpre menos de tres indicadores específicos dos cinco reflectidos para cada obxectivo

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

BLOQUE 1: INTENCIÓN E ELEMENTOS DA INTERACCIÓN COMUNICATIVA

- Participar con interese en interaccións cotiás empregando diferentes sistemas comunicativos
- Identificar a xestualidade e as manifestacións corporais como unha forma de comunicación humana empregada de xeito intencional
- Identificar a intencionalidade comunicativa das persoas construíndo novos significados
- Manifestar necesidades, sentimentos e vivencias empregando estratexias comunicativas e aproveitando as posibilidades que ofrecen os diversos linguaxes con curiosidade e gozo
- Participar de forma espontánea en situacións comunicativas adecuando a postura, os xestos e os movementos ás súas intencións
- Tomar a iniciativa na interacción social gozando coas situacións comunicativas cunha actitude respectuosa

BLOQUE 2: AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES

- Participar en situacións de uso de diversas linguas manifestando interese e curiosidade cara a diversidade de perfís lingüísticos
- Producir mensaxes ampliando e enriquecendo o seu repertorio comunicativo con seguridade e confianza
- Identificar e interpretar as normas que rexen os intercambios lingüísticos nas diversas situacións comunicativas habituais
- Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas
- Descubrir e empregar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso
- Respetar as particularidades lingüísticas do entorno próximo
- Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural do seu entorno manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas

BLOQUE 3: COMUNICACIÓN VERBAL ORAL. COMPRENSIÓN-EXPRESIÓN- DIÁLOGO

- Empregar a linguaxe oral para expresar e compartir necesidades, sentimentos, desexos, emocións e vivencias, regulando as accións e interactuando en diversas situacións e contextos
- Participar de xeito espontáneo en situacións comunicativas adecuando a postura, os xestos e os movementos ás súas intencións
- Participar na interacción social gozando das situacións comunicativas cunha actitude respectuosa
- Expressar, a través da linguaxe oral, sensacións, sentimentos e emocións ante diversas representacións e manifestacións artísticas e culturais
- Explorar as posibilidades expresivas da linguaxe oral
- Interpretar as mensaxes orais do entorno reaccionando de xeito adecuado

BLOQUE 4: APROXIMACIÓN Á LINGUAXE ESCRITA

- Explorar as posibilidades expresivas da linguaxe escrita empregando os medios materiais que lle son propios e outros inespecíficos
- Participar activamente nas actividades de aproximación á linguaxe escrita
- Recorrer a escrituras indeterminadas, espontáneas e non convencionais incorporándoas ás súas producións con intención comunicativa
- Identificar a linguaxe escrita como instrumento de comunicación diferenciándoa de outras linguaxes gráficas

BLOQUE 5: APROXIMACIÓN Á EDUCACIÓN LITERARIA

- Manifestar interese e gozo cara actividades individuais e colectivas relacionadas coa literatura, avanzando nunha aptitude participativa
- Manifestar interese por comunicar interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias
- Vincularse afectivamente coa lingua e coa cultura galega a través da participación en actividades de aproximación á literatura
- Identificar os elementos que conforman unha narración en diferentes soportes
- Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo respectando as normas do seu uso

BLOQUE 6: LINGUAXE E EXPRESIÓN MUSICAL

- Expresar sensacións, sentimentos e emocións a través da vivencia musical
- Explorar as posibilidades expresivas da linguaxe musical empregando os medios materiais propios deste e os inespecíficos
- Combinar recursos expresivos da linguaxe musical coa expresión da linguaxe corporal
- Manifestar interese e gozo cara actividades individuais e colectivas relacionadas con obras musicais, avanzando nunha aptitude participativa

BLOQUE 7: LINGUAXE E EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL

- Explorar as diferentes técnicas expresivas da linguaxe plástica e visual, empregándoas creativamente e disfrutando da modificación plástica dos diversos materiais
- Manifestar interese e gozo coas obras colectivas e culturais plásticas e visuais, avanzando nunha aptitude participativa e respectuosa
- Outorgarlles significado ás propias creación plásticas
- Iniciarse na diferenciación entre o feito plástico e audiovisual tecnolóxico como un medio de representación e a propia realidade, avanzando nunha aptitude crítica e respectuosa

BLOQUE 8: LINGUAXE E EXPRESIÓN CORPORAL

- Manifestar necesidades, sentimentos e vivencias empregando estratexias comunicativas e aproveitando as posibilidades que ofrecen a linguaxe e a expresión corporal con curiosidade e gozo
- Interpretar os estímulos e as mensaxes do entorno procesando a información de xeito adecuado
- Expresar sensacións, sentimentos e emocións antes diversas representacións e manifestacións artísticas e culturais
- Empregar o xogo simbólico como representación e intercambio de roles en situacións de dramatización
- Manifestar interese e gozo cara actividades individuais ou colectivas relacionadas coa danza e con dramatizacións, avanzando nunha actitude participativa

BLOQUE 9: ALFABETIZACIÓN DIXITAL

- Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diversos medios e ferramentas dixitais
- Interpretar as mensaxes transmitidas en formato dixital preguntándose pola intencionalidade do emisor

- Empregar intuitivamente diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais

ÁREA DE CRECEMENTO EN HARMONÍA

BLOQUE 1: O CORPO E O CONTROL PROGRESIVO DESTE

- Tomar conciencia do propio corpo global e das súas partes
- Coordinar e controlar o seu corpo e as súas posibilidades motrices adaptándoo ás características dos obxectos, á acción e a vida cotiá
- Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo do das demais persoas, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións
- Afrontar retos corporais manifestando aptitudes de superación e no seu caso solicitando axuda
- Adecuar as súas accións e reaccións a cada situación, nunha interacción lúdica e espontánea co entorno, explorando as súas posibilidades motoras e perceptivas e progresando na autonomía, precisión, seguridade, coordinación e intencionalidade
- Recoñecer os sentidos como fonte de sensacións empregándoos para o coñecemento do mundo circundante

BLOQUE 2: EQUILIBRIO E DESENVOLVEMENTO DA AFECTIVIDADE

- Iniciarse na toma de conciencia das características persoais identificando as súas potencialidades
- Afianzar progresivamente a propia personalidade harmonizando a afirmacións das preferencias con respecto ás necesidades colectivas
- Manifestar progresivamente sentimentos de seguridade, afecto e competencia coas propias accións
- Expressar emocións e sentimentos desenvolvendo de xeito progresivo a conciencia emocional e as estratexias de regulación emocional
- Relacionarse con outras persoas aceptando e mostrando afecto de xeito libre, seguro, respectuoso e lonxe de todo tipo de estereotipos

- Afrontar as diversidades, manifestando aptitudes de superación, esforzo, constancia e atención solicitando e prestando axuda
- Iniciarse na resolución de conflitos cos seus iguais coa mediación dunha persoa adulta

BLOQUE 3: HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES PARA O AUTOCOIDADO E O COIDADO DO ENTORNO

- Practicar un estilo de vida saudable e de benestar integral mediante unha alimentación equilibrada e pracenteira, un descanso autónomo e suficiente, o gusto pola limpeza e a adecuación na vestimenta
- Mostrar aceptación e respecto polo propio corpo e polo do dos demais, mellorando progresivamente no seu coñecemento e recoñecendo as súas limitacións
- Mostrar conciencia na detección das propias necesidades progresando na autonomía, seguridade e intencionalidade na súa satisfacción
- Recoñecer e anticipar a sucesión temporal dos ritmos biolóxicos, rutinas e pautas socio culturais que estruturan a dinámica cotiá, asociándoa a elementos, procedementos e aptitudes concretas
- Adquirir hábitos relacionados coa limpeza, coidado e orde no seu entorno
- Desenvolver condutas e situacións baseadas no respecto, na empatía, na igualdade de xénero e no respecto polos dereitos humanos a través do xogo de imitación

BLOQUE 4: INTERACCIÓN SOCIOEMOCIONAL NO ENTORNO. A VIDA COAS DEMAIS PERSOAS

- Adecuar as súas accións e reaccións a cada situacións, nunha interacción lúdica e espontánea co entorno, explorando as súas posibilidades motoras e perceptivas e progresando na autonomía, precisión, seguridade, coordinación e intencionalidade
- Recoñecer e anticipar a sucesión temporal de actividades, ritmos biolóxicos e pautas socio culturais que estruturan a dinámica cotiá, asociándoa a elementos, procedementos e aptitudes concretas

- Establecer vínculos e relacións de apego saudables, demostrando aptitudes de afecto e empatía cara ás demais persoas
- Desenvolver condutas e situacións baseadas no respecto, na empatía, na igualdade de xénero e no respecto ós dereitos humanos, a través do xogo de imitación
- Iniciarse na resolución pacífica de conflitos desenvolvendo a tolerancia á frustración e experimentando os beneficios de chegar a acordos

ÁREA DE DESCUBRIMIENTO E EXPLORACIÓN DO ENTORNO

BLOQUE 1: DIÁLOGO CORPORAL CO ENTORNO. EXPLORACIÓN CREATIVA DE OBXECTOS, MATERIAIS E ESPAZOS

- Observar o seu entorno recoñecendo e identificando as propiedades, características e comportamentos dos obxectos para establecer comparacións
- Relacionar obxectos a partir das súas cualidades ou atributos básicos mostrando curiosidade e interese
- Empregar os cuantificadores básicos máis significativos relacionados coa súa experiencia diaria empregándoos no contexto de xogo e interactuar coas demais persoas
- Aplicar os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas para situarse no espazo, tanto en repouso como en movemento, xogando co seu propio corpo e cos obxectos
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e cos períodos de tempo habituais
- Identificar e establecer relacións causa-efecto percibindo as consecuencias dos seus actos en obxectos do seu entorno

BLOQUE 2: EXPERIMENTACIÓN NO ENTORNO. CURIOSIDADE, PENSAMENTO CIENTÍFICO, RAZOAMENTO LÓXICO E CREATIVIDADE

- Xestionar as dificultades, retos e problemas con interese e iniciativa, mediante a súa división en secuencias de actividades máis sinxelas
- Mostrar disposición por indagar no entorno con aptitude cuestionadora propoñendo solucións creativas
- Propoñer solucións alternativas a través de diferentes estratexias escoitando e respectando ás demais persoas

BLOQUE 3: INDAGACIÓN NO MEDIO FÍSICO E NATURAL. COIDADO, VALORACIÓN E RESPECTO

- Interesarse polas actividades en contacto coa natureza e polas características do elementos naturais do entorno, mostrando respecto cara eles
- Identificar e nomear diferentes elementos habituais naturais
- Descubrir as características dos animais e vexetais diferenciando os seres vivos de outros elementos e materiais presentes no seu entorno inmediato e dos hábitats nos que se desenvolven

BLOQUE 4: DESCUBRIMENTO E PARTICIPACIÓN NO ENTORNO SOCIAL. RELACIÓNS, SERVIZOS E ACTIVIDADES CULTURAI

- Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal
- Recoñecer a importancia das relacións sociais coas persoas do seu entorno
- Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar parentescos
- Descubrir as diferentes profesións, organizacións e servizos máis significativos do entorno, valorando positivamente as súas funcións e a importancia social da súa actividade
- Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes no entorno, disfrutando e valorándoas como sinais de identidade

- Coñecer os elementos identificativos do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes

Para seleccionar as estratexias de avaliación que mellor se adaptaran ao proxecto educativo proposto polo centro, teranse en conta que as técnicas e os instrumentos a empregar cumpran os seguintes requisitos:

- Ser moi variados para poder contrastar os datos obtidos
- Empregar diversos códigos, verbais ou non verbais, para que o código non obstaculice os contidos que se pretenden avaliar
- Ser aplicables en situacións diversas, unhas máis estruturadas e outras máis libres e espontáneas
- Que permitan aplicar as aprendizaxes en contextos distintos dos que se aprenderon.

O equipo educativo deixará constancia das súas observacións e valoracións sobre o desenvolvemento do proceso educativo e as aprendizaxes de cada neno/a. Esta valoración levarase a cabo a partir da información obtida de:

- Observacións directas e sistemáticas, tanto individuais como grupais, así como en situacións de xogo e en actividades planificadas
- Entrevistas coas familias
- Conversacións cos/as nenos/as
- Análise dos produtos e realizacións dos nenos/as

A avaliación levarase a cabo en dous momentos fundamentais do curso (ao inicio e ao final) pero tamén terá carácter continuo. Polo tanto distinguirase entre:

- **AVALIACIÓN INICIAL:** Ó incorporarse o/ neno/a por primeira vez ao centro, realizarase unha avaliación inicial, recollendo información sobre a situación da que parte. Para isto, levarase a cabo unha entrevista coa familia, así como un rexistro de observación do período de adaptación para aquelas crianzas que comecen por primeira vez na escola.

- **AVALIACIÓN CONTINUA:** A técnica principal para este tipo de avaliación será a observación directa e sistemática, a conversación e a análise das producións das crianzas. De forma continua utilizaranse distintas situacións diarias para analizar os procesos e dificultades dos/as nenos/as, para observar tanto o seu proceso de desenvolvemento como os aprendizaxes adquiridos, co fin de adecuar a intervención educativa as súas necesidades. Terase en conta non so o produto final senón tamén o proceso que o/a neno/a seguiu e as circunstancias nos que se desenvolveron as actividades.
- **AVALIACIÓN FINAL:** Realizarase o finalizar o proceso educativo, a partires dos datos obtidos no proceso de avaliación continua coa referencia dos obxectivos establecidos no noso Proxecto Curricular e dos criterios de avaliación que elaboramos. Os resultados quedarán reflectidos nun boletín de avaliación final que levará cada neno/a ao finalizar o curso.

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO ELABORADO POR:

Eva Vázquez Vázquez

Directora da EIM de Tordoia

ANEXOS

- **ANEXO 1: Entrevista Inicial**
- **ANEXO 2: Registro Período de adaptación**

ENTREVISTA INICIAL

Nome do neno/a:

1. Datos familiares

- Nome dos proxenitores
- Número de irmáns Idade Lugar que ocupa
- Demais persoas coas que convive

2. Escolaridade

- ¿Asistiu algunha vez a algunha escola infantil?
- Se foi así, ¿dende que idade? ¿Que tal se adaptou?

- Horario habitual que vai facer
- ¿Vai comer no centro?
- ¿Vai traer comida da casa ou comerá de catering?

- ¿Quen o/a vai vir a recoller habitualmente?

3. Alimentación

- ¿Qué tal come?

- ¿Come enteiro, triturado ou unha combinación de ambos?

- ¿Amosa algunha intolerancia alimentaria ou alerxia?

- ¿Come só/soa ou xa ten certa autonomía para comer?

4. Descanso

- ¿Qué tal dorme?
- ¿Cantas horas acostuma a durmir pola noite?
- ¿Fai sestas polo día?
- ¿Ten apoios de sono (trapiño, chupete, movementos relaxantes,etc.)?

5. Hixiene

- ¿Emprega pañal?
- No caso de usar pañal, ¿ten a costume de sentarse no WC, controla se fai caca ou non, etc?
- No caso de que xa non use pañal, ¿dende cando está sen el?
- ¿Usa chupete? ¿En qué momentos o usa?
- ¿Participa no seu aseo persoal? (Enxaboarse, lavarse as mans, etc)
- ¿Ten alerxia a algún produto de hixiene?

6. Saúde

- Enfermidades importantes que padece ou padecese
- ¿Toma algún tipo de tratamento?

- ¿Recibe algún tipo de terapia? (Atención temperá, logopeda, fisioterapia, etc.)

7. Desenvolvemento xeral madurativo

Desenvolvemento psicomotor

- ¿Gatea ou anda?
- Se é así, ¿dende cando?

- ¿Man que usa con máis asiduidade? (Para comer, coller obxectos, etc.)

Desenvolvemento lingüístico

- ¿Fala/balbúcea?
- Se é así, ¿dende cando?
- ¿Algunha palabra que xa diga?

- ¿Qué idioma empregan na casa?

Desenvolvemento afectivo – social

- ¿Relaciónase ben con outros/as nenos/as?
- ¿Relacionase ben con outros/as adultos/as que non sexan do círculo familiar ou asústase?

- ¿Cómo definiría o seu carácter?

- ¿Acostuma a ter “rabieta”?

- De ser así, ¿en que momentos acontecen?

8. Xogos e ocio

- ¿A qué lle gusta máis xogar?
- ¿Prefire xogar só ou en compañía?
- ¿Cales son as súas actividades preferidas? (Ler ou mirar contos, ir o parque, pasear, etc.)
- ¿Usa frecuentemente pantallas para entretense?

9. Outros datos de interese

OBSERVACIÓN PERIODO DE ADAPTACIÓN

NOME	
-------------	--

DATA:

DATA:

DATA:

DATA:
